

ACTIVIDADES

TEMA 4. A ATMOSFERA

1. Que é a atmosfera?


Capa de aire/ gasosa que arrodea a Terra.

2. Como sería a atmosfera actual se non xurdisen as primeiras bacterias fotosintéticas (cianobacterias)? Razoa a resposta.

Se non xurdisen as bacterias fotosintéticas hai uns 3500 m.a. a atmosfera actual carecería de osíxeno, xa que practicamente todo o osíxeno atmosférico procede das actividades dos organismos fotosintéticos; e tampouco existiría a capa de ozono.

3. Fai un esquema da estrutura da atmosfera e complétalo engadindo os seguintes elementos.


- O nome de cada capa.
- O nome das discontinuidades que separan as capas e a altitude de cada discontinuidade.
- A localización da ozonosfera.
- Indica a temperatura de cada capa.
- Debuxa os raios X, raios gamma, raios UV, radiacións infravermellas e luz visible; e indica onde se absorben estas perigosas radicacións.



4. Que é a presión atmosférica? Con que instrumento se mide? En que unidades se expresa? Cal é a presión atmosférica a nivel do mar?

É o peso que a atmosfera exerce sobre a superficie terrestre. Mídese co barómetro. Exprésase en milibares (mb), milímetros de mercurio (mm de Hg) ou atmósferas (atm). A presión atmosférica a nivel do mar é de 1013mbar, ou 760 mm de Hg, ou 1 atm.

5. Observa o seguinte esquema e contesta as seguintes preguntas:



- a) Indica cun A cal é o anticiclón e cun B a borrasca.
b) Indica mediante frechas a dirección que seguirá o aire superficial e razoa a resposta.

Se un anticiclón e unha borrasca atópanse próximos, o vento superficial sopra dende os anticiclóns (zona de altas presións) ás borrascas (zonas de baixas presións).

- c) O vento en que dirección vai e como xira no hemisferio norte nos anticiclóns? E nas borrascas?


No hemisferio norte:

- Nos anticiclóns o vento descende xirando no sentido das agullas do reloxo e cando chega ao chan afástase en todas as direccións.
- Nas borrascas, o vento ascende xirando en sentido contrario ás agullas do reloxo.

- d) Cando a presión atmosférica aumenta nunha zona que tempo fará? E se baixa que tempo atmosférico teremos?

- Cando a presión atmosférica aumenta fará bo tempo (anticiclón).
- Cando a presión atmosférica baixa fará mal tempo (borrasca).

6. Observa o seguinte gráfico:



a) Qué representa a imaxe? Defíneo.

Un climograma é unha representación gráfica das temperaturas medias e das precipitacións totais de cada mes dunha zona determinada ao longo do ano.

b) Indica as temperaturas máximas e mínimas alcanzadas durante o ano.
En que meses se alcanzaron?

- T^a máxima: 25°, nos meses de Xullo e Agosto.
- T^a mínima: 12-13°, nos meses de Xaneiro e Decembro.

c) Que meses son os máis chuviosos? E os máis secos?

- Os meses máis chuviosos son Novembro e Decembro.
- Os meses menos chuviosos son Xullo e Agosto.

d) Que relación hai entre temperatura e precipitacións?

A relación é inversamente proporcional, é dicir, a maior temperatura menos precipitacións, e viceversa.